

Recomendación dirixida ao **Concello de Soutomaior** para revise con urxencia o funcionamento do local coa actividade de terraza vinculada a actividade de restaurante e albergue turístico, tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera en horario nocturno, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes do local, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan

Expediente: C.8.Q/13494/23

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente a ruídos e molestias dun local de hostalería a dúas persoas residentes no edificio, unha delas con discapacidade, no Concello de Soutomaior.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data do 21 de agosto do ano en curso, o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que :

“1.-Hace ahora un año soportando los mismos ruidos. Ya que a las 4 de la madrugada se ponen a fregar subiendo las sillas a las mesas arrastrándolas en suelo de puro cemento. 2.- mi mujer con un 70% de discapacidade dormimos a 9 metros de la terraza de la locura nocturna. 3.- La música empieza a las 8 de la mañana hasta altas horas a las 5:45 de la madrugada empieza el jaleo: coches, motos, cafés en la terraza. Cuando dormimos mi mujer y yo no podemos dormir la siesta.4.- hace dos meses han puesto una red que impide el acceso a los minusválidos.5.-hemos puesto terraza descubierta pero en el día de hoy la cubrieron con chapa galvanizada y según el alcalde saliente sin permiso de licencia de obra. 6.- hemos llamado a la Guardia Civil 8 o 9 veces y dicen no ser competencia de ellos-sino de la policía local- pero el problema es que de noche no hay y los fines de semana tampoco y no

tienen medidor de decibelios. 7.- he hablado con la dueña varias veces pero hace oídos sordos – y que tiene otros 2 negocios más- y con varios conflictos.8.- Para terminar quería saber si en la terraza se pueden tener animales ya que hay veces que hay 6 o 7 perros y algún gato.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello con data do 29 de agosto.

TERCEIRO.- Con data do 22 de setembro, recíbese nesta institución un informe remitido polo Concello de Soutomaior, no que, se fai constar literalmente o seguinte:

“Expediente núm.: XXX

Contestación requirimento

Procedemento: DENUNCIA ACTIVIDADE

Referencia destinatario: Expediente XXX

En resposta o seu escrito de data de entrada 31 de agosto de 2023, INFÓRMOLLE:

1º.- Que con data 15.06.2023, XXX presenta denuncia urbanística pola actividade de terraza vinculada a actividade de restaurante e albergue turístico sito XXX, alegando o funcionamento dunha terraza cuberta con unha pérgola sen licenza, e incumprindo o horario de apertura.

2º.- Revisada a situación da actividade denunciada, compróbase que:

. Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Soutomaior de data 17 de xuño de 2019 outórgase á entidade mercantil LICO GESTION 2020 SOCIEDAD LIMITADA licenza de legalización, rehabilitación e ampliación de edificacións para uso de restaurante e albergue turístico, a emprazar en parcela sita XXX, con referencia catastral XXX, conforme ás determinacións de proxecto técnico redactado pola arquitecta XXX, visado o 27 de xaneiro de 2020, coas modificacións obrantes en anexo visado o 17 de marzo de 2020 e 18 de novembro de 2020, cun orzamento de execución material das obras por importe de 292.354,26 euros. No indicado acordo informábase á interesada que, tralo remate das obras, tería que presentar comunicación previa para o inicio da actividade ou apertura, sen máis requisitos que os datos de identificación do titular, a referencia da licenza urbanística e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

Mediante posterior acordo da XGL do Concello adoptado en sesión de data 29 de xullo de 2021 outórgase á sinalada mercantil licenza de primeira ocupación para uso de albergue-cafetería na referida instalación.

. Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de decembro de 2021, se informa á entidade LICO GESTION 2020 SOCIEDAD LIMITADA do resultado favorable das actuacións de verificación documental da comunicación de inicio actividade para uso de restaurante e albergue turístico a desenvolver en establecemento sito na XXX, o que habilita para o inicio da actividade.

. En data 11.07.2023 a entidade mercantil LICO GESTION 2020 SOCIEDAD LIMITADA solicita licenza municipal para legalización de obra de colocación pérgola terraza sita XXX (Soutomaior) conforme ás determinacións de croquis de instalación da empresa PERGO & POOL. Posteriormente subsana a súa solicitude aportando proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico XXX, colexiado nº XXX do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra, cun orzamento de execución material das obras por importe de 19.916,51 €, certificado do Plan de Autoprotección da actividade, plan de emerxencia e seguro de responsabilidade civil pola actividade amais de Estudio de Impacto Acústico emitido pola empresa homologada VIROCEM SL, de data 26 de xullo de 2023. Neste estudio analízase a transmisión de ruído o entorno da terraza exterior, conformada por 15 mesas, incluíndo 4 mesas con 4 sofás cada una y 11 mesas con 4 cadeiras cada una. O resultado obtido é de valores admisibles no entorno.

Se incoa expediente de licenza urbanística de legalización da obra de colocación pérgola terraza sita XXX (Soutomaior).

3º.- Por visita dos servizos técnicos municipais de data 21.07.2023, derivada da denuncia, apréciase a existencia da instalación dunha pérgola metálica na zona da terraza exterior do restaurante e albergue turístico, sen que conste autorización municipal para elo. O informe sinala que dita instalación sería legalizable ó adecuarse a normativa urbanística de aplicación.

4º.- No expediente de licenza urbanística de legalización emítese con data 07.09.2023, informe dos servizos técnicos municipais en sentido favorable á legalización da instalación e actividade de terraza exterior do restaurante e albergue turístico. Prevese a concesión de licencia de legalización de dita instalación.

5º.- Ata o momento, ningunha das intervencións da policía local recolle incumprimento de horarios ou das condicións da actividade autorizada, non apreciándose ningunha instalación musical que exceda das permitidas na actividade de restaurante-albergue turístico.”

En data 27/11/2023, ten entrada nesta institución escrito de alegacións do promotor da queixa a dito informe municipal no que manifesta canto segue:

“XXX, interesado en expediente arriba referenciado, comparece y DICE

Que, habiéndose notificado la resolución del expediente arriba referenciado a raíz del escrito de queja formulado por esta parte, por medio del presente escrito formula las siguientes

A L E G A C I O N E S

Esta parte interpone una denuncia ante el Concello de Soutomaior, ante A Valedora do Pobo e incluso ante Turismo, en fecha 15 de junio de 2023, a causa del insoportable ruido que padece el compareciente y su esposa, al tener su domicilio enfrente a la terraza que instalaron en la parte posterior del local destinado a albergue.

Desde el año 2021, vengo padeciendo los ruidos que impiden la conciliación del sueño, puesto que los ruidos y las molestias objeto de denuncia se producen después de las 12 de la noche hasta altas horas de la madrugada, sobre todo los fines de semana y festivos.

Dicho esto, ha quedado acreditado que a raíz de la denuncia interpuesta legalizan la instalación de la pérgola y es a partir del 7 de septiembre del año 2023, cuando se concede la legalización de la instalación y actividad de terraza exterior del restaurante y albergue turístico.

Dicho esto, hemos de partir, que en la fecha de presentación de la denuncia, la entidad mercantil LICO GESTION 2020 SOCIEDAD LIMITADA que regenta el local destinado a restaurante y albergue, denominada "A FILLA DO MAR". no disponía de ningún tipo de licencia para la actividad de terraza exterior de restaurante, tal y como lo venía haciendo desde que empezó la actividad.

El compareciente lleva quejándose de las molestias que el funcionamiento de la terraza le ocasiona, después de las 12 horas de la madrugada hasta que cierran, que puede ser a la 1, a las 2 o incluso 3 de la madrugada. A dichas horas, cuando todo está en silencio, se escucha la música que suena en la terraza, las conversaciones de los clientes que se encuentran en la terraza, las risas, los gritos cuando se lanzan a la piscina ..., en fin, no se puede dormir.

Cuando se llama a la Guardia Civil que se encuentra de guardia, me indican que no pueden intervenir porque no es su competencia, salvo que haya una pelea ..., pero no pueden venir a comprobar si el local respeta el horario y existen los ruidos objeto de denuncia.

La policía local manifiesta que ninguna de sus intervenciones recoge incumplimiento del horario, o de las condiciones de la actividad autorizada, pero ¿cuáles son las horas de intervención de la Policía Local y comprobación de! cumplimiento de los ruidos y del horario? El horario laboral de la policía local del Concello de Soutomaior, no se extiende más allá de las nueve de la noche; dicho esto...

Las molestias y ruidos que provocan el malestar del denunciante, no son las que se producen durante el horario normal, sino los que se producen en horario nocturno a partir de las 12 de la noche hasta altas horas de la madrugada..."

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe do Concello de Soutomaior, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O 29 de agosto do 2023 iniciábase esta investigación sobre a problemática exposta, e solicitábase informe a ese ente local, toda vez que o promotor documentaba a presentación dunha denuncia o 15 de xuño pola actividade de terraza vinculada a actividade de restaurante e albergue turístico sito XXX.

Segunda: O ente local aporta escasos argumentos para clarear a problemática exposta polo promotor deste expediente. O concello non aclara o relativo ao cumprimento da súa función de garantir o interese público en relación con calquera actividade que poida ocasionar prexuízos ou molestias por contaminación acústica.

Ante problemáticas desta natureza, mesmo podería valorarse o que sucede no interior das vivendas sen medición, posto que a comprobación subxectiva dos axentes da autoridade podería ser suficiente. A veciñanza, ten dereitos á intimidade persoal no ámbito domiciliario, ten o dereito a un medio ambiente adecuado e a protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

Terceira: Tal e como indicamos nos Informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruidos ás vivendas deben facerse cando tal cousa se denuncia polas persoas afectadas, é dicir, no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruidos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se dea a denuncia, posto que noutro momento non ten sentido, e neste caso, se a Policía Local polo seu horario non coincide co da problemática denunciada, o ente local cómpre que solicite a colaboración precisa a fin de verificar o exposto polo promotor deste expediente de queixa.

A necesidade de control tanto das condicións do local como de posibles infraccións dedúcese da natureza das licenzas dos locais de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo.

A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade económica que está a desenvolverse no local, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra.

As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local; a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o da veciñanza o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

A persoa que presentou a queixa e a súa familia están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Soutomaio a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

“Que revise con urxencia o funcionamento do referido local coa actividade de terraza vinculada a actividade de restaurante e albergue turístico, tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera en horario nocturno, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes do local, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo